
Mellora do subsistema de almacenamento de usuario

- Actualizado ()

Desde o pasado 4 de abril, os usuarios do CESGA teñen acceso a un novo servidor de almacenamento formado por un sistema Sun UltraEnterprise 3500. A configuración deste servidor está formada por 4 procesadores UltraSparc II a 400 MHz, 8 MB de caché de nivel 2 e un total de 512 MB de memoria RAM, para facilita-lo acceso ós máis de 8 TB de almacenamento dispoñibles. Esta nova configuración supón duplica-la capacidade de procesamento do servidor de almacenamento.

Este servidor dá acceso a 1 Terabyte de almacenamento nos arrays de discos e a 8 Terabytes nas cintas do robot StorageTek.

A mellora deste subsistema foi posible gracias o cofinanciamento obtido a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER.